

CV25021

Memoria xustificativa e económica do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Valga para a execución das obras de Posta en valor da área fluvial de Valga. Valga (Pontevedra).

1. Antecedentes

Consonte ao disposto no artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia as entidades locais para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Concretamente, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia dispón que as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; parques e xardíns; conservación de camiños e vías rurais (artigo 80.2.d)); patrimonio histórico-artístico (artigo 80.2.e)); protección do medio ambiente (artigo 80.2.f)); actividades e instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e o turismo (artigo 80.2.n)).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

O 21 de xullo de 2025 a Dirección de Augas de Galicia aprobou a Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais ao abeiro do disposto nos artigos 1 da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos; nos artigos 4 e 11.9 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e en execución do recollido no Plan de actuacións, inversións e financiamento de Augas de Galicia, incorporado á Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O plan de actuacións, inversións e financiamento (PAIF) de Augas de Galicia para o ano 2025 contempla unha partida específica dun millón de euros destinada a colaborar con entidades locais na posta en valor das contornas fluviais. Este investimento ten como obxectivo favorecer unha contribución efectiva desde o ámbito local á protección e recuperación dos ecosistemas acuáticos, reforzando o papel dos concellos como actores clave para unha xestión do territorio próxima, eficiente e sostible tendo en conta que a visión territorial que achegan as entidades locais



permite que as actuacións se adapten mellor ás necesidades reais da poboación e ao contexto ambiental e cultural de cada lugar.

Desta forma, coa colaboración entre Augas de Galicia e os concellos galegos, ademais de promover actuacións sostibles de recuperación e mellora de contornas fluviais, resáltase o seu valor ambiental e o seu papel fundamental na economía tradicional galega e na configuración da identidade cultural, social e simbólica.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto do convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello que permitan á entidade local acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras recollidas no proxecto "Posta en valor da área fluvial de Valga. Valga (Pontevedra)", a súa conservación e mantemento.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O punto cuarto da estratexia para a posta en valor das contornas fluviais, aprobada pola Dirección de Augas de Galicia o 21 de xullo de 2025 prevé que para facer efectiva a implantación da estratexia, establécense dúas vías principais de colaboración: *convenios de colaboración técnica e/ou económica cos concellos interesados ou execución directa por parte de Augas de Galicia. Indícase que a fórmula principal será a sinatura de convenios de colaboración, nos que Augas de Galicia participe no financiamento das actuacións, mentres que os concellos asuman a execución directa dos proxectos.*

O punto quinto da estratexia para a posta en valor das contornas fluviais, citada, recolle os criterios de selección de proxectos para avaliar e priorizar as propostas presentadas polos concellos, favorecendo aquelas que mellor contribúan aos obxectivos da estratexia valorando as seguintes circunstancias: interese ambiental, social ou turístico do entorno; madurez técnica da actuación; viabilidade legal e urbanística; ou compromiso de mantemento por parte do concello.

O punto sexto da estratexia para a posta en valor das contornas fluviais, citada, indica o seguinte:

Cómpre sinalar que na actualidade xa existen varias solicitudes presentadas por concellos, que se consideran plenamente aliñadas cos principios e liñas desta estratexia. Estas actuacións, que se recollen no apéndice I desta estratexia serán desenvolvidas como proxectos piloto, permitindo avaliar o funcionamento do modelo de colaboración proposto e sentar as bases para a súa continuidade e expansión nos próximos anos.

No apéndice I da estratexia indicada recóllense, entre outras actuacións, a seguinte:

- Posta en valor da área fluvial de Valga. Valga (Pontevedra)

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a



Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adjudicación directa da subvención prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a sete mil setecentos sesenta euros (7.760,00 €) imposto sobre o valor engadido incluído, que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2025.

5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: E2: Galicia verde e sostible

2. Prioridade actuación: PA.2.4 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.

3. Obxectivo estratéxico: OE 2.4.3 – Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.

4. Obxectivo operativo: OO99 – Outras accións que contribúen ao obxectivo específico.

5. Indicadores:

- PO0440/Grao de execución (%)
- PO0436/Actuacións de protección, conservación e mantemento e mellora do DPH



- P00437/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga

6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente: 100%

6. Territorialización do gasto

Concello: Valga.

7. Contribución ós ODS

DENOMINACIÓN	OBXECTIVO ESPECÍFICO	DENOMINACIÓN ESPECÍFICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
ODS 15. Protexer, restablecer e promover o uso sustentable dos ecosistemas terrestres, xestionar sustentablemente os bosques, loitar contra a desertificación, deter e investir a degradación das terras e deter a perda de biodiversidade	15.1.	Para 2020, velar pola conservación, o restablecemento e o uso sostible dos ecosistemas terrestres e os ecosistemas interiores de auga doce e os servizos que proporcionan, en particular os bosques, os humedais, as montañas e as zonas áridas, en consonancia coas obrigas contraídas en virtude de acordos internacionais	

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón

